

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE TRES "BOLSAS DE INSERCIÓN LABORAL PARA VETERINARIOS" NO HOSPITAL VETERINARIO UNIVERSITARIO ROF CODINA

OBXECTIVO:

O Programa de Inserción Laboral para Veterinarios do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) convócase ao amparo do establecido no Convenio de Colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e Fundación Rof Codina (FRC).

Este programa está dirixido a tres mozas licenciadas/vos en veterinaria con experiencia en clínica veterinaria hospitalaria e o seu obxectivo é a consolidación dos seus coñecementos teóricos e prácticos en Clínica de Urgencias Veterinarias a través da súa estancia no hospital docente durante un ano en horario nocturno.

DURACIÓN E FUNCÍONS:

A duración do curso será de 12 meses:

- Do 1 de xaneiro de 2015 ao 31 de decembro de 2015.
- Durante este período de tempo os adxudicatarios das tres prazas deberán responsabilizarse durante o horario nocturno do Servizo de Atención Continuada (SAC), con asistencia de alumnos e contando co respaldo dos profesores e facultativos propios do HVU-RC. Cada un deles será o responsable do SAC durante unha semana, descansando as dúas semanas seguintes.

NÚMERO DE PRAZAS:

O número de prazas é de tres (3).

PRAZO PARA A SOLICITUDE DAS PRAZAS:

Desde o día de publicación desta convocatoria na web do HVU-RC (www.rofcodina.org) o día 11/11/2014 ata as 14 h do 01/12/2014. Toda a información relativa a esta convocatoria realizarase mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios da FRC.

REQUISITOS:

Para solicitar praza será necesario acreditar:

- Non superar a idade de 29 anos no momento de formalización da bolsa.
- Estar en posesión do título oficial de Licenciado en Veterinaria.
- Non obter o título de licenciado nun tempo superior a tres anos ao momento de presentación da solicitude.
- Ter a condición de colexiado, ou titulación que permita colexiarse nun Colexio Oficial de Veterinarios de España.
- Dispor da homologación do título de Licenciado ou Graduado en Veterinaria, se se obtivo no estranxeiro.
- Experiencia asistencial en instalacións hospitalarias.
- Estar en posesión do título de capacitación para dirixir instalacións de radiodiagnóstico.
- Estar en disposición de cumprir cos requisitos propios do programa.
- Dedicación exclusiva, agás aquelas actividades formativas de posgrao.
- Non poderán solicitar esta bolsa aqueles candidatos que sexan adxudicatarios en anteriores programas formativos de inserción laboral de veterinarios de calquera hospital universitario que teña recoñecida esta actividade formativa ou similar.

BOLSAS:

A Fundación Rof Codina concederá bolsas a todos os alumnos solicitantes aos que se adxudiquen as prazas ofertadas.

- A contía da bolsa por alumno será de 800 € brutos mensuais, con "venia docendi".
- Os alumnos beneficiarios das bolsas non poderán recibir durante o período bolseiro outras axudas, nin realizar calquera outro tipo de actividade remunerada.
- A concesión destas bolsas non implica ningunha vinculación laboral ou doutra clase entre as persoas seleccionadas e a Fundación Rof Codina, aínda que darán lugar á súa inclusión no convenio especial da Seguridade Social establecido no Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

A solicitude de candidatura ao programa presentarase nas datas anteriormente mencionadas e exclusivamente na recepción do HVU-RC. Os candidatos que non poidan presentar persoalmente a documentación poden enviala por servizo de mensaxería á seguinte dirección:

Hospital Veterinario Universitario Rof Codina
PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL PARA VETERINARIOS
Rúa Estrada dá Granxa, s/n
27002 Lugo

DOCUMENTACIÓN:

- Solicitude conforme ao impreso adxunto á presente convocatoria.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Expediente académico (para os candidatos de nacionalidade española, o expediente ten que estar baremado segundo o establecido no Real Decreto 1044/2003).
- Fotocopia do resgardo do título de Licenciado en Veterinaria ou comprobante da homologación do mesmo.
- Fotocopia do Título de Capacitación para dirixir instalacións de radiodiagnóstico.
- Curriculum Vitae profesional onde se especificarán, cos seus respectivos documentos acreditativos perfectamente numerados, as titulacións, publicacións, cursos realizados e experiencia clínica práctica especialmente en Hospitais Veterinarios Universitarios.
- Fotografía recente.

COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN:

O proceso selectivo será efectuado polo Tribunal de Selección composto por:

- O director xerente da FRC, por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, presidente da FRC.
- O director veterinario do HVU-RC.
- Os tres xefes de Servizo do HVU-RC.
- Unha Facultativa do HVU-RC, elixida por sorteo entre os facultativos de cadro do HVU-RC.
- O técnico de xestión e recursos humanos da FRC, que actuará como secretario.

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

Primeira Fase

O Tribunal de Selección ordenará os candidatos segundo os criterios seguintes:

- Expediente académico: 40% da nota global.
- Curriculum Vitae: 55% da nota global.
- Outros méritos: 5% da nota global.

O tribunal poderá declarar desertas as prazas que considere cando non haxa aspirantes que reúnan os méritos suficientes.

Segunda Fase

Os candidatos seleccionados polo Tribunal na Primeira Fase serán convocados para a realización dunhas probas realizadas por persoal do Hospital que consistirán na resolución de casos clínicos e unha entrevista persoal.

ADMISIÓN DE CANDIDATOS:

Ao día seguinte da finalización do período de presentación de solicitudes, publicarase a relación de aspirantes admitidos e unha lista xustificada de aspirantes excluídos, no taboleiro de anuncios da Fundación Rof Codina e na páxina web da Fundación Rof Codina. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 48 horas para emendar as deficiencias atopadas na súa documentación. Finalizado este prazo o Tribunal reunirse e publicará os resultados da primeira fase e a convocatoria da segunda fase. Finalmente o tribunal publicará a proposta de resolución para a cobertura das tres prazas convocadas.

LISTA DE SUPLENTES:

O Tribunal establecerá unha lista de suplentes ordenados pola súa puntuación obtida nas dúas fases do proceso de selección, que se fará pública coa proposta de resolución. Poderán ser chamados os candidatos que formen parte de dita lista en caso de ser necesario cubrir algunha renuncia ou baixa. A lista de suplentes perderá a súa vixencia coa resolución dunha nova convocatoria de programa de inserción laboral.

FORMALIZACIÓN:

Estenderase credencial de bolseiro a favor dos candidatos seleccionados, quen asinarán o compromiso de aceptar e cumprir as actividades formativas e o horario que se estableza para o SAC. A non formalización da bolsa por parte do interesado no prazo que se estipule ao efecto, entenderase como renuncia á mesma.

RENUNCIAS:

As renuncias faranse por escrito alegando os motivos da mesma e dirixiranse á Dirección Xerencia da Fundación Rof Codina, a renuncia nos aceptada obligará a devolución de la beca recibida.

OBRIGAS DOS ADXUDICATARIOS:

Os alumnos adxudicatarios terán que dedicarse de forma exclusiva ao seguimento do curso e quedarán suxeitos ás seguintes obrigas:

- Aceptar, cumprir e facer cumprir o Regulamento de Réxime Interno do HVU-RC.
- Aceptar, cumprir e facer cumprir as instrucións recibidas da Dirección e Xefes de Servizo.
- Aceptar a normativa en vigor sobre Protección de Datos de carácter persoal.
- Responsabilizarse do SAC en horario nocturno, con presenza de alumnos. Este servizo incluírá a cobertura primaria de casos durante a tarde, noites, fins de semana e festivos.

- Participar no diagnóstico, tratamento e coidado dos pacientes, contando co respaldo dos profesores e facultativos propios do HVU-RC.
- Levar a cabo unha comunicación adecuada co cliente e os veterinarios referentes.
- Participar na instrución e supervisión de estudantes.
- Manter de forma oportuna e coidadosa o expediente médico do paciente.
- Manter en orde as instalacións logo de cada actuación dando exemplo aos estudantes e evitando fomentar a desorde.
- Aceptar, cumprir e facer cumprir as quendas establecidas no SAC.
- Participar regularmente ás xornadas, cursos ou seminarios convocados.
- Preparar polo menos dúas sesións clínicas baixo a supervisión do tutor.
- Respetar o segredo profesional: non está permitido dar calquera tipo de información sobre un paciente a un veterinario ou calquera outra persoa allea ao caso, incluídos os estudantes que non se atopan en rotación.
- Pertencer a un Colexio Oficial de Veterinarios.

O incumprimento dalgunha das obrigas establecidas dará lugar á perda da condición de adxudicatario da bolsa. Se durante a realización do curso producísese algunha vacante, o HVU-RC poderá designar un novo candidato que quede en lista de suplentes, para que se incorpore ao inserción laboral polo tempo restante ata a terminación do curso.

HORARIOS DOS ADXUDICATARIOS:

Os adxudicatarios do Programa de Inserción Laboral deben axustarse a todas as actividades docentes-asistenciais do HVU-RC. Aínda que existen uns horarios establecidos, estes poden variar considerablemente pois dependen do ingreso de novos pacientes e da evolución dos mesmos.

- Horario: de 20:30 h (p.m.) a 09:00 h (a.m.) presencial de luns a domingo cada tres semanas.
- Horario: de 09:00 h (a.m.) a 20:30 h (p.m.) sábado e domingos previos á semana de garda.
- Servizos: cobertura primaria de casos durante a tarde, noite, fins de semana e festivos co respaldo de profesores e facultativos propios do HVU-RC.

LICENZAS:

Os adxudicatarios do Programa terán dereito, previa solicitude (petición á Dirección Xerencia co visto e prace da Dirección Veterinaria) e posterior xustificación, ao goce dos permisos que a continuación se indican:

- Para a asistencia a congresos ou cursos realizados fose do ámbito hospitalario: 5 días hábiles.
- Para a realización dun exame por parte daqueles que realicen estudos para a obtención dun título oficial: o tempo indispensable, debendo xustificarse cun certificado oficial.
- Polo tempo indispensable para a asistencia ao médico, presentando e xustificando cita e asistencia.
- Polo tempo imprescindible para a solución de asuntos ou tramitacións que teñan relación directa co desenvolvemento habitual da súa actividade formativa.
- Por matrimonio de pais ou irmáns: un día natural que coincidirá co do evento e outros dous por cuestións de desprazamento.
- Por morte ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro grao por consanguinidade ou afinidade: 3 días hábiles.

Lugo, 11 de novembro de 2014



Luis F. De la Cruz Palomino
Director-Xerente

Calendario do proceso de selección:

- Período de solicitude: desde o **11/11/2014** ata as 14:00 h do **01/12/2014**, ambos inclusive.
- Publicación das listaxes provisionais de admitidos e excluídos: **05/12/2014**
- Prazo de alegacións: **09/12/2014** a **11/12/2014**
- Publicación das listaxes definitivas de admitidos e excluídos: **12/12/2014**
- Primeira fase do proceso de selección: **15/12/2014**
- Segunda fase de selección: **19/12/2014**
- Publicación da lista provisional de candidatos seleccionados: **22/12/2014**
- Publicación da lista definitiva de candidatos seleccionados: **24/12/2014**
- Convocatoria dos candidatos seleccionados: **29/12/2014**

Novembro 2014						
lu	ma	me	xo	ve	sa	do
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

Decembro 2014						
lu	ma	me	xo	ve	sa	do
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

La Fundación Rof Codina, con domicilio social en Estrada da Granxa S/N Facultad de Veterinaria USC 27002 Lugo, en aras de garantizar un estricto cumplimiento de la normativa sobre Protección de Datos personales y el ejercicio de sus derechos personales, le informa que los datos personales que Vd. nos proporcione, así como los datos a los que esta Fundación tenga acceso como consecuencia de la presente convocatoria, del mantenimiento de la relación que le une o le pueda unir con esta Fundación, del envío de comunicaciones incluyendo las comunicaciones electrónicas y de la gestión integral de su información personal en la Fundación, serán incorporados a varios ficheros automatizados o no, para lo cual Vd. presta su consentimiento expreso, preciso e inequívoco. Dichos ficheros, han sido debidamente inscritos ante el Registro General de Protección de Datos. La Fundación le garantiza en todo momento el derecho a conocer los criterios y programas utilizados. La finalidad de estos ficheros responde a la necesidad del tratamiento de su información personal para la gestión tanto económica como administrativo-docente y de investigación así como para la realización de actividades de difusión y publicidad de la Fundación. Todos los datos que se le solicitan son obligatorios y la negativa a suministrarlos supondrá la imposibilidad de concluir o mantener la relación que le une con la Fundación. La Fundación le informa que su información podrá ser cedida en virtud de las cesiones obligatorias establecidas en la Ley así como a aquellas empresas, entidades u organismos patrocinadores así como a través de las publicaciones o acciones de difusión realizadas por la Fundación para lo cual VD. consiente expresamente. La Fundación garantiza que ha adoptado las medidas oportunas de seguridad en sus instalaciones, sistemas y ficheros, así como el tratamiento confidencial de los Datos Personales de conformidad con la legislación vigente aplicable, si bien, podrá difundir las características generales de los proyectos empresariales presentados, y en su momento, los nombres de los proyectos ganadores y sus promotores. La Fundación le garantiza en todo momento el ejercicio de sus derechos de acceso, cancelación y oposición en los términos establecidos en la legislación vigente, dirigiéndose por escrito e indicando el concreto derecho que desea ejercitar a cualquiera de las direcciones anteriormente indicadas